

Resolución de 10 de xaneiro de 2025 da Universidade da Coruña pola que se realiza a convocatoria para a avaliación da actividade investigadora do profesorado da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física co título de doutor/a e de profesorado contratado laboral correspondente ao ano 2024

Co obxecto de desenvolver o establecido no artigo 31 do Título VIII do II Convenio colectivo para o persoal docente e investigador laboral das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, polo que se posibilita que o profesorado contratado por tempo indefinido solicite o recoñecemento do complemento de produtividade investigadora, e o Acordo de 23 de decembro de 2021 de recoñecemento do dereito do profesorado axudante doutor da Universidade da Coruña (UDC) a percibir o complemento de produtividade por actividade investigadora, esta universidade ten asinado un convenio de colaboración coa ANECA, a través do cal se realiza unha encomenda de xestión para que a *Comisión Nacional Evaluadora de la Actividad Investigadora* (CNEAI) avalíe a actividade investigadora do profesorado contratado establecido nesta convocatoria, do mesmo xeito, cos mesmos criterios e no mesmo prazo en que se realiza a avaliación do profesorado dos corpos docentes universitarios.

A Universidade da Coruña encárgase da realización da convocatoria, así como da resolución das solicitudes e recursos, e a ANECA, a través da CNEAI, pon a disposición do profesorado contratado das categorías determinadas nesta convocatoria a aplicación telemática para a presentación de solicitudes de avaliación da actividade investigadora, emite a través dos comités da CNEAI un informe técnico por cada solicitude e establece o procedemento a seguir na súa avaliación que debe respectar os criterios, prazos e normas aplicables ao procedemento xeral de avaliación da actividade investigadora do profesorado dos corpos docentes.

Unha vez publicada no Boletín Oficial del Estado do 24 de decembro de 2024 a Resolución do 11 de decembro de 2024 da Secretaría General de Universidades, pola que se aproba a convocatoria de avaliación da actividade investigadora, faise necesario establecer o procedemento e o prazo de presentación de solicitudes de avaliación da actividade investigadora correspondentes ao ano 2024 para profesorado da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física co título de doutor/a e profesorado contratado, polo que esta Universidade resolve aprobar a presente convocatoria de acordo coas seguintes bases.

1. Obxecto da convocatoria

Avaliar e recoñecer os méritos investigadores do profesorado da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física que conte co título de doutor/a, o profesorado colaborador fixo, o profesorado contratado doutor, o profesorado permanente laboral e o profesorado axudante doutor da Universidade da Coruña (UDC).

2. Requisitos das persoas solicitantes

2.1. Poderán solicitar a avaliación da súa actividade investigadora as persoas que a 31 de decembro de 2024 pertencen a algunha das seguintes categorías:

- Profesorado funcionario da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física que teñan o título de doutor/a
- Profesorado colaborador fixo
- Profesorado contratado doutor
- Profesorado permanente laboral
- Profesorado axudante doutor

O profesorado citado nos parágrafos anteriores en situación de servizos especiais, excedencia forzosa ou situación similar, poderá someter a avaliación a súa actividade investigadora, aínda

Código Seguro De Verificación	P9r8Lz4PnYPYloF3NpsULw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	10/01/2025 14:38:49
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/P9r8Lz4PnYPYloF3NpsULw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



que os correspondentes dereitos económicos non se devindicarán ata o momento do seu reingreso na Universidade en réxime de dedicación a tempo completo.

2.2. Para solicitar a avaliación da actividade investigadora as persoas citadas no punto 2.1 deberán encontrarse nalgunha das seguintes situacións:

- a. Que o seu último tramo avaliado positivamente termine o 31 de decembro de 2018 ou terminase en anos anteriores.
- b. Que nunca se presentasen anteriormente a esta avaliación e cumpran un mínimo de seis anos avaliados o 31 de decembro de 2024.
- c. Que non se lles recoñecese o seu último tramo de avaliación normal e este terminase o 31 de decembro de 2021 ou en anos anteriores. As persoas solicitantes nesta situación poderán construír un novo período, de seis anos, con algún dos anos xa avaliados negativamente no último tramo de investigación que fose presentado e, polo menos, tres anos posteriores a esa última avaliación. No caso de avaliación negativa anterior de dous ou máis tramos presentados conxuntamente, o novo sexenio formarase unicamente con anos propios do último tramo de investigación.

2.3. O profesorado que se encontre gozando de permisos de maternidade ou paternidade, en situación de excedencia para atender o coidado de fillas, fillos ou doutros familiares en primeiro grao ao seu cargo, ou en excedencia por razón de violencia de xénero prevista no artigo 89.1 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, poderán incluír na súa solicitude de avaliación de sexenios os anos –e as contribucións publicadas nos ditos anos– durante os que gozaran do permiso ou permaneceran na dita situación de excedencia.

3. Presentación e tramitación das solicitudes

3.1. De acordo co convenio subscrito coa ANECA citado anteriormente, os prazos e normas aplicadas a este procedemento serán os mesmos que para o profesorado funcionario dos corpos docentes universitarios, polo que o profesorado sinalado na base segunda desta convocatoria deberá cubrir e presentar os formularios e anexos correspondentes por vía telemática a través da sede electrónica de ANECA (<https://aneca.sede.gob.es/>) entre o **13 de xaneiro de 2025 e o 3 de febreiro de 2025**.

3.2. Serán de aplicación a esta convocatoria os apartados 5. *Presentación de solicitudes*, 6. *Instrucción del procedimiento de evaluación*, 7. *Criterios de evaluación* e 8. *Resolución* do Anexo da convocatoria de sexenios da Secretaría General de Universidades. Tamén serán de aplicación os criterios específicos contidos na Resolución do 9 de decembro de 2024, da Comisión Nacional Evaluadora de la Actividad Investigadora, pola que se publican os criterios específicos aprobados para cada un dos campos de avaliación (BOE do 19 de decembro de 2024).

3.3. Unha vez presentada a solicitude na sede electrónica da ANECA, o profesor ou profesora deberá enviar unha copia do xustificante da solicitude (copia da solicitude asinada e xustificante coa data de rexistro) por correo electrónico ao Servizo de PDI (servizo.pdi@udc.gal). A falta desta comunicación impedirá que se poida realizar a avaliación.

3.4. Logo de rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Vicerreitoría de Profesorado enviará á ANECA a lista de solicitudes que deberán ser avaliadas, sempre e cando a persoa interesada presentara a solicitude correspondente a través da plataforma do órgano avaliador. As solicitudes presentadas fóra dos prazos establecidos ou as que non reúnan os requisitos establecidos na convocatoria serán inadmitidas directamente pola Vicerreitoría de Profesorado.

4. Resolución e efectos

4.1. Ao concluír o proceso de avaliación, a CNEAI comunicará o resultado da avaliación á Universidade da Coruña, que notificará a cada solicitante a resolución que proceda.

Código Seguro De Verificación	P9r8Lz4PnYPYloF3NpsULw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	10/01/2025 14:38:49
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/P9r8Lz4PnYPYloF3NpsULw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



4.2. Os efectos económicos derivados da avaliación iniciaranse o 1 de xaneiro de 2025.

5. Recursos

A resolución da avaliación da actividade investigadora poderá ser recorrida enalzada ante o reitor no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da súa notificación. A UDC dará traslado dos recursos presentados á CNEAI, para os efectos de que os comités asesores emitan o informe técnico preceptivo previo á resolución dos mesmos. Contra a resolución reitoral que resolva o recurso poderá interpoñerse recurso no ámbito xurisdiccional que proceda no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación.

6. Validación de sexenios obtidos noutras universidades ou centros de investigación

As solicitudes de validación presentaranse a través da Sede Electrónica da UDC dirixidas ao Servizo de PDI, xunto coa copia da resolución de concesión do sexenio da universidade de orixe e a documentación que acredite que a avaliación foi realizada pola CNEAI.

7. Protección de datos de carácter persoal

Os datos recollidos neste procedemento serán tratados pola UDC de conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

O órgano responsable do tratamento é a Secretaría Xeral, a través da Delegada de Protección de Datos (r/ Mestranza 9, 15001 A Coruña, dpd@udc.gal), ante a que se poderán exercer os dereitos contemplados na citada Lei orgánica.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo no prazo de dous meses dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo poderá presentarse, potestativamente, recurso de reposición, no prazo dun mes perante o órgano que ditou a resolución. Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, o abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado

P.D. do reitor (RR 10/07/2024)

Teresa López Fernández

Código Seguro De Verificación	P9r8Lz4PnYPYloF3NpsULw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	10/01/2025 14:38:49
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/P9r8Lz4PnYPYloF3NpsULw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

